

O efecto da contaminación nas rías galegas

As rías galegas seguen soportando verquidos. O Plan de Control de Verquidos da Xunta localizou 864 puntos nas nosas rías e en moitos casos detectou algún tipo de contaminación.

CRISTIAN RIVAS, ANDRÉS SANTIAGO, SANTIAGO VÁZQUEZ, CARLOS VILA. 01.03.12

Galicia ten as augas litorais máis contaminadas de toda Europa, con zonas nas que está prohibida a extracción de marisco para o consumo en fresco debido ao verquido directo de augas residuais. “Antes era máis natural”, di Xoán Fernández Martínez, veciño da Pobra do Caramiñal.

Gran parte da economía galega depende directa ou indirectamente do mar, da súa saúde e do rendemento que se poida obter. Somos os europeos que máis dependemos economicamente do medio mariño. E non o estamos coidando como é debido. Nas rías galegas hai 864 puntos de verquido, e case a metade deles contaminantes. O Plan de Control de Verquidos sitúa nas rías de Arousa e de Vigo case a terceira parte deses focos, con 159 e 116, respectivamente. Na Ría de Muros e Noia localiza 105; na Ría de Pontevedra 62; na de Ferrol 77; e na da Coruña 52.

A enorme riqueza biolóxica do noso medio mariño está en perigo. Esta contaminación está facendo que algunhas persoas perdan o seu traballo, porque marisquean e agora é imposible polo estado da auga. Os datos que ofrecen as Confrarías no *Manifiesto en defensa das rías* son contundentes: “Año a ano son menores os lugares de onde poder extraer marisco pola perda de bancos ou polo seu deterioro. Todo isto é fácil comprobalo: o número de barcos de todo tipo é cada vez menor e no 2010 baixamos das 4.000 persoas adicadas ao marisqueo a pé, cando hai só 10 anos eran o dobre”.



O río Eume, afectado por puntos de verquido.

A falta de depuradoras é o principal motivo dos verquidos contaminantes. Ao que hai que engadir a mala xestión das redes de saneamento existentes. Unha parte deses verquidos (o 12%) é de orixe industrial, presentes sobre todo nas rías de Arousa e de Vigo. Outra parte débese á contaminación difusa, verquidos de orixe particular non conectados ás redes de saneamento, sobre os cales existe un “escaso control”, segundo recoñece Medio Ambiente, que lembra que todos os verquidos potencialmente contaminantes teñen que ser autorizados.

Cambio de estratexia para as rías galegas

As principais infraestruturas de depuración están en marcha ou en execución, en calquera caso. Licitáronse recentemente seis plans de saneamento local nas rías galegas, o que supón un investimento total de 5,52 millóns de euros. Por iso, “o gran reto dos próximos anos” é avanzar na adecuada xestión das redes de saneamento, que “moitas veces resultan ineficaces” debido á excesiva presenza de augas pluviais ou de infiltración, indica a Consellería de Medio Ambiente. Non chega con facer obras, hai que facer que funcionen ben e mantelas en condicións. Nesta liña, as asociacións ecoloxistas esixen a posta en marcha de políticas para a mellora da xestión de augas residuais. Por exemplo, a Asociación Ecopacifista Verdegaiia propón “medidas que contemplan a separación en orixe das augas residuais industriais e as domésticas, e tratamento in situ das primeiras, a reutilización da auga para rega, limpeza e usos industriais, o emprego de técnicas depurativas que permitan aproveitar os subprodutos xerados no proceso da depuración e separación de augas pluviais das residuais para non comprometer o proceso de depuración nos momentos de sobrecarga.”

O caso da Pobra do Caramiñal

Aínda que o concello da Pobra do Caramiñal dispón dunha rede de saneamento, as verteduras non se eliminaron totalmente. Ademais, o funcionamento da estación depuradora, que acolle augas residuais do polígono industrial sen pre-depuración, non sempre é o correcto e carece da decantación primaria, un dos tratamentos máis importantes. Recentemente, os veciños do lugar da Devesa denunciaron “a contaminación continuada que está a sufrir o Río Morto, coa que están a convertelo nunha auténtica cloaca, cun cheiro insoportable, e as augas nun estado de podremia permanente”.

E hai máis casos de contaminación, coma na zona Crocha, na praia de Friscos. Esta fábrica tira os residuos e restos de peixe directamente ao mar, na praia dos Raposiños. Outro caso pódese atopar no río, se se pode chamar así, de San Martiño, que está contaminado porque antes o matadoiro, que está cerca, tiraba todo os restos.